

# PAREMOS O XENOCIDIO CONTRA O POBO PALESTINO

## FOLGA XERAL de 24h. XA!





# A REBELIÓN MUNDIAL CONTRA DESNUDA A COMPLICIDADE DO IMP

## Hai que facer coma en Italia: folga xeral xa!

### Esquerda Revolucionaria

A mobilización internacionalista contra o xenocidio sionista transformouse nunha potente rebelión. As manifestacións e accións multiplícanse por os países todos, e agora o movemento obreiro pon o seu selo protagonizando folgas xerais como en Italia. A presión é tan forte, que moitas das potencias occidentais que patrocinaron esta matanza durante dous anos, corren demagoxicamente a recoñecer un Estado palestino inexistente. Tentan toldar deste xeito o seu apoio militar e financeiro a Netanyahu e a súa responsabilidade directa no asasinato de centos de milleiros de gazatís e na destrución completa do seu territorio.

### Sinalando a complicidade dos gobernos imperialistas

As imaxes da paralización de Italia cunha folga xeral de 24 horas foron unha aldrabada. Roma, Milán, Xénova, Boloña, Nápoles e decenas de cidades máis enchéronse o 22 de setembro de centos de milleiros de manifestantes, nunha demostración de forza increíble. Como xa aconteceu coas masivas mobilizacións en Euskadi, Galiza ou Madrid que impediron branquexar o sionismo na Volta Ciclista, ou co desafío da Global Sumud Flotilla que se dirixe ás costas de Gaza, a acción por abaixo é o que provoca a sacudida do taboleiro político.

A conciencia política está a experimentar cambios abruptos. Sen ningunha dúbida, a extrema dereita está a avanzar, pero sería dunha cegueira estúpida non

ver que hai un tremendo proceso de radicalización á esquerda entre a nova xeración de mozas e traballadores. O xenocidio en Gaza, que demostra até que punto chega a barbarie do capitalismo e a crise da “democracia” burguesa, está a actuar coma combustible da polarización.

Millóns de persoas están en shock, ven cos seus propios ollos un holocausto coma o que organizaron os nazis contra o pobo xudeu. É a indignación que está a provocar, que se está traducindo nun movemento de masas que non se pode conter, deixa máis ao descuberto a hipocrisía das potencias que o alentan.

Produto desta enorme presión, Gran Bretaña, Canadá, Francia e outros países apresuráronse a recoñecer o Estado Palestino. Anteriormente xa o fixera o goberno de Pedro Sánchez. Pero que significa realmente este recoñecemento cando Gaza foi literalmente arrasada, a súa poboación asasinada e a ofensiva militar de Netanyahu continúa co apoio militar e financeiro desas mesmas potencias?

Este recoñecemento é unha folla de parra para agachar a súa responsabilidade. De feito, a diplomacia podre que segue avogando pola solución dos “dous estados” oculta que esa opción empurrou á actual catástrofe. Israel é un Estado fundado sobre a base do colonialismo e a limpeza étnica contra o pobo palestino. Durante décadas foi o portaaíóns do imperialismo estadounidense na rexión. Ao estado sionista premiouselle cun apoio militar e económico formidable, malia as atrocidades sistemáticas que come-

teu, malia as súas continuas incursións bélicas que segaron a vida de milleiros de civís, malia os milleiros de prisioneiros palestinos amoreados nos seus cárceres, malia a ocupación ilegal dos seus territorios, malia o roubo de terras na Cisjordania por colonos organizados en bandas nazisionistas.

Hai moito xa que denunciámos que os Acordos de Oslo, artellados por Washington co apoio entusiasta da dirección da OLP e dunha gran parte da esquerda reformista mundial, converteríase nunha ferramenta moi útil para reforzar o réxime de apartheid sionista nos territorios ocupados. A ficción dun Estado Palestino controlado e cercado polas armas israelís só provocaría máis sufrimento, opresión e morte.

É imposible que o dereito do pobo palestino a dispoñer dun Estado de seu poida resolverse no marco do dominio capitalista, imperialista e sionista de Oriente Medio. O dereito á autodeterminación do pobo palestino só pode vir da man da revolución socialista e do derrocamento do Estado terrorista sionista e máis de todos os réximes árabes burgueses, corruptos e vasalos de Washington, que xamais moveron un dedo pola causa palestina e foron fundamentais para que Israel avance nesta estratexia devastadora.

O dereito do pobo palestino a vivir no seu propio territorio está indisolublemente unido á loita polo socialismo, á conquista dunha Federación Socialista de Oriente Medio que sente as bases para unha convivencia pacífica onde todos

os dereitos democráticos dos pobos e nacións que o integran sexan respectados. A idea de que a burguesía israelí vai tolerar un Estado palestino independente, aínda que sexa capitalista, é unha completa farsa e unha utopía reaccionaria. Xamais o consentirán, como ficou claro nestes dous últimos anos.

A loita contra a peste parda do sionismo, o trumpismo e o fascismo global só pode ter éxito sobre a base dun programa revolucionario e internacionalista, que erga con firmeza a bandeira do socialismo para unir a toda a clase obreira e os pobos oprimidos do mundo.

Sinalar estas cuestións de fondo ten todo o senso cando observamos na Asemblea Xeral da ONU os queixumes e os golpes de peito de numerosos líderes perante este crime contra a humanidade. Pero que fixeron eses mesmos líderes nestes dous anos? Apoiar a maquinaria de guerra sionista. Que van facer a partir de agora? Multiplicar os seus xestos, pero tentando abeirar calquera medida efectiva que free o imperialismo estadounidense e ao seu aliado Netanyahu.

As palabras de Macron, de Pedro Sánchez ou de Felipe VI son a resposta, incómoda, a unha gran crise política nos países capitalistas que reivindicaron constantemente o dereito de Israel “a defenderse” e que protexeron o sionismo de todas as formas posibles.

A razón deste conmovedor cambio de “opinión” é a masiva oposición ao xenocidio





# TRA O XENOCIDIO SIONISTA

## PERIALISMO OCCIDENTAL

da clase obreira e a mocidade de todo o mundo, que correctamente conecta este crime contra o pobo palestino coas políticas represivas salvaxes que estamos a sufrir nas “democracias avanzadas”, moitas delas auspiciadas pola socialdemocracia, e a axenda que a extrema dereita está defendendo (e impoñendo) en toda unha serie de países co beneplácito da clase dominante.

### Os bloques imperialistas e o sionismo

O 15 de setembro, a relatora da ONU para Palestina, Francesca Albanese, denunciaba publicamente que o número de vítimas en Gaza é dez veces superior ao considerado até agora: “Deberíamos empezar a pensar en 680.000 porque este é o número que algúns académicos e científicos afirman que é a verdadeira cifra de mortos en Gaza”. Desas 680.000 vítimas, polo menos 380.000 serían crianzas.

Como parte da “solución final” anunciada hai meses por Netanyahu, o 21 de setembro voceiros do exército sionista informaron de que “as forzas da 36ª División comezaron a súa entrada na cidade de Gaza” tras “dúas semanas de intensos preparativos para operacións de combate ampliadas”. Con ese eufemismo noxento, os nazisionistas refírense ás decenas de ataques aéreos e os centos de bombas que reduciron a cidade de Gaza á Idade de Pedra, asasinando a milleiros de seres humanos e expulsando outros centos de miles (entre 300.000 e 500.000) ao deserto, co obxectivo de matalos por inanición.

Case ao mesmo tempo, Bezalel Smotrich, ministro de Finanzas israelí e xefe de facto das bandas de colonos fascistas, presentaba un plan para a anexión do 82% de Cisjordania. Algo que de feito xa veñen impoñendo esas bandas fascistas que dirixen el e mailo ministro de Seguridade, Itamar Ben Gvir, formando os chamados “batallóns de seguridade” con unidades regulares do exército israelí para cribar a balazos ás familias palestinas, derrubar as súas casas e despoñilas das súas terras. Só neste ano, van mil asasinatos en Cisjordania!

“Isto é o sionismo na súa máxima expresión: construír, colonizar e fortalecer a nosa soberanía na Terra de Israel [...] O Estado palestino está a ser borrado do mapa, non con lemas, senón con feitos. Cada colonia, cada barrio, cada unidade de vivenda é outro cravo no cadaleito” proclamou orgulloso Smotrich. Esta é a resposta do Estado sionista e do seu protector, o imperialismo estadounidense, aos gobernos que lles plantean o recoñecemento dos “dous estados”.

Para o imperialismo estadounidense, o holocausto en Gaza non é un mal menor que lles impón Netanyahu, senón un-

ha aposta estratéxica, unha necesidade na súa loita por non perder definitivamente a hexemonía mundial fronte o avance imparable do bloque rival, formado por China e Rusia en todo o mundo, incluído Oriente Medio.

O capitalismo tal como se coñeceu nas décadas posteriores á Segunda Guerra Mundial desapareceu, así como a nova orde mundial imperialista que Washington creu impoñer trala caída do Muro de Berlín en 1989, e do que en 1994 naceron os Acordos de Oslo.

O imperialismo estadounidense necesita o nazisionismo para enviar a mensaxe de que, a falta de forza para impoñerse no terreo económico e produtivo, seguen dispoñendo dun enorme poder destrutivo no terreo militar, e está dispostos a usalo. Para os que aínda dubidan, o vicepresidente Vance visitou Tel Aviv coincidindo co inicio da ofensiva contra a cidade de Gaza e a presentación dos plans para anexionarse Cisjordania. O único que está a discutir Trump con Netanyahu é a repartición do botín.

E o mesmo pode dicirse respecto ao cinismo das burguesías árabes. A súa actitude reprimindo as manifestacións de apoio ao pobo palestino, e a súa colaboración activa con Washington, están a promover unha acumulación de indignación e rabia que, máis cedo que tarde, desatará estalidos revolucionarios.

Por outra banda, é imposible entender a impunidade do nazisionismo sen partir dos xigantescos beneficios que os bancos e as grandes empresas dos diferentes bloques imperialistas obteñen da ofensiva militar sionista, e dos que esperan cos plans para a “reconstrución”, co turismo, a especulación inmobiliaria, a explotación de recursos gasíferos e agrícolas, etc.

En 2024, o apoio da Administración estadounidense supuxo o 38% do gasto militar israelí total; as empresas privadas norteamericanas investiron 39.000 millóns de dólares en Israel. Así mesmo, as empresas e bancos europeos lideran o investimento estranxeiro directo en Israel, con 70.000 millóns de dólares. Moitos destes investimentos son nos territorios ocupados. Pola súa banda, China espera chegar este ano a 20.000 millóns en investimento directo e xa é o primeiro investidor e fornecedor do réxime sionista en industrias chave para o seu aparello militar e tecnolóxico.

No seu gran xogo pola hexemonía mundial, nin China nin Rusia, potencias que algúns sectores da esquerda maquiñan como “amigas do pobo palestino”, moveron un dedo ante o xenocidio. En realidade, Beijín e Moscova poderían poñer contra as cordas a Netanyahu, pero non o fixeron, e seguen a lle facilitar recursos, co fin de que os seus proxectos, acordos e negocios na zona non se vexan comprometidos.

### Segunda edición

El genocidio sionista en Gaza y la cuestión nacional palestina  
54 páxs. • 5€



Paralo todo para parar o xenocidio.  
Folga xeral de 24 horas xa!

Aínda que o sionismo segue tendo un apoio maioritario entre a poboación israelí, as manifestacións contra Netanyahu tamén se estenderon a partir da presión internacional, e ante a perspectiva dunha intervención militar perpetua que terá un custo interno moi forte.

É evidente que a maioría dos dirixentes das protestas limítanse a pedir unha tregua para negociar con Hamás a liberación dos reféns, sen ir ao fondo e cuestionar as políticas de ocupación e limpeza étnica. Pero a polarización que reflicten estas mobilizacións e a negativa de 100.000 mozos a incorporarse ao exército demostran que o malestar entre a mocidade e a clase obreira xudías, e por suposto entre a minoría árabe, que representa o 20% da poboación e está totalmente oprimida, existen e crecerá máis no futuro.

A tarefa nestes momentos é clara: intensificar e estender a mobilización popular en todo o mundo. Só podemos confiar nas propias forzas do movemento, e non nas declaracións nin xestos hipócritas da burguesía europea e os seus políticos a soldo.

No Estado español, a dinámica da loita é completamente ascendente. A folga xeral estudantil convocada polo Sindicato de Estudiantes para o 2 de outubro será unha importante pancada, do mesmo xeito que as manifestacións multitudinarias dos días 4 e 5. Este gran movemento de masas, impulsado por milleiros de activistas, organizacións e colectivos da esquerda militante, é o que está obrigando ás cúpulas de CCOO e UGT a moverse un pouco e abandonar a súa vergoñenta pasividade.

O seu anuncio, tímido aínda, dunha xornada de loita para o 15 de outubro, é completamente insuficiente. O que deben facer é asumir a súa responsabilidade e convocar xa unha gran folga xeral de 24 horas contra o xenocidio que paralice toda a actividade económica e produtiva. Facer como en Italia é o mellor camiño para impoñer realmente o embargo total e íntegro de armas ao sionismo, e acabar con todas as relacións económicas, diplomáticas, militares e policiais con Israel.



E tamén desde a Galiza temos que empurrar todo o posible para que isto se faga realidade. A CIG, como principal sindicato de clase, ten que transformar o apoio que vén demostrando á causa palestina durante estes dous anos de xenocidio, en presión sindical. A convocatoria dunha folga xeral na nosa terra suporía un paso adiante fabuloso. Non hai tempo que perder, o que nos xogamos é moito.

**Folga xeral de 24 horas para parar o xenocidio!**

**Ruptura total de relacións co Estado sionista xa!**

**Por unha federación socialista de Oriente Medio!**

**Desde o río até o mar, Palestina vencerá!**





# A FOLGA XERAL EN ITALIA POR PALESTINA MARCA O CAMIÑO!

O pasado luns 22 de setembro vivimos unha xornada histórica de folga xeral en Italia contra o xenocidio do pobo palestino. Gran parte da actividade económica do país ficou paralizada ou se viu moi afectada, e en máis de 80 cidades moitos centos de miles se mobilizaron para denunciar o horror do masacre que o nazionismo está a perpetrar, contra a escalada militarista e os orzamentos de guerra aprobados polo goberno reaccionario de Meloni e contra a súa complicidade na matanza sionista.

Unha folga xeral que foi convocada polos sindicatos minoritarios baixo a consigna “Bloquealo todo”, mentres os dous sindicatos italianos maioritarios (CGIL e CSIL) se mantiñan á marxe. O impulso desde abaixo, a combatividade, a rabia e a indignación da clase obreira italiana superaron os límites que o sindicalismo máis institucional pretendía impoñer á mobilización contra o xenocidio.

Portos como os de Xénova, Livorno, Palermo, Trieste, Venecia (cidades nas que houbo manifestacións multitudinarias) estiveron bloqueados durante horas. O transporte público, a loxística, as universidades e

os institutos amenceron paralizados. En Florencia, Turín ou Nápoles mobilizáronse por decenas de miles. En Roma máis de cen mil persoas ocuparon o centro da cidade e a estación de Termini. Tamén o estudantado se sumou á folga. De feito, moitas das manifestacións comezaron nas universidades con miles de estudantes universitarios e de secundaria participando nelas.

## Represión contra os e as que loitamos!

Todo isto acontece, ademais, en Italia da fascista Meloni, que nos últimos anos foi endurecendo a represión contra os sectores máis combativos da clase obreira e a mocidade. De feito, o goberno dispuxo un amplo e ostentoso dispositivo policial e a represión contra os manifestantes foi salvaxe, sobre todo en Milán e Boloña, e contabilizáronse polo menos 18 persoas detidas, das cales catro foron enviadas a prisión tras un procedemento sumarísimo.

O 22 de setembro, a clase obreira e a mocidade italianas deron unha lección de dignidade a todo o mundo, mostrando unha vez máis cal é o camiño para frear o xenocidio, mais tamén á extrema dereita e ao fascismo, asestando un duro golpe a unha Meloni que pretendeu confrontar co ímpeto e determinación dos traballadores e as traballadoras e da mocidade. O impacto desta folga sobre a

vida política italiana é tan importante que obrigou ao goberno de Meloni a enviar unha fragata en defensa das embarcacións da Global Sumud Flotilla, para “posibles labores de socorro”.

## Temos que incrementar a presión!

O exemplo italiano mostra o camiño. Só a través da loita contundente e a folga xeral poderemos garantir que os gobernos rompan realmente todo tipo de relacións co goberno nazionista de Netanyahu.

O xiro que estamos a ver entre moitos responsables políticos mundiais non é ningunha casualidade. Que Meloni fale de “desproporción”, Pedro Sánchez de xenocidio e moitos países recoñezan o Estado Palestino (tras 77 anos de masacre continuado) se debe exclusivamente á forza que estamos a demostrar nas mobilizacións en todo o mundo. Por iso é o momento de redobrar a presión sobre estes gobernos cómplices, para forzalos a pasar das palabras aos feitos, exercendo unha presión real que acabe co xenocidio e libere a Palestina do sionismo criminal.

É o momento de aumentar a presión e aproveitar toda a forza do movemento para acabar co sionismo. É o momento dunha folga xeral!



IZQUIERDAREVOLUCIONARIA.NET



## ÚNETE

- Coruña 686 680 720
- Compostela 637 809 184
- Ferrol 626 746 950
- Ourense 604 024 366
- Vigo 678 420 888

## ESQUERDA REVOLUCIONARIA